

## Unha proposta didáctica sobre o exilio republicano.

Os desprazamentos de poboación por deportacións e exilios acadan máis presenza no novo currículo da materia Historia de España pola súa idoneidade para explicar a formación dunha cultura política nunha sociedade que non se caracterizou, precisamente, pola convivencia harmónica e a tolerancia. Permite por en valor a contribución dos republicanos españois na loita contra o nazifascismo durante a segunda guerra mundial coa súa heroica participación no *maquisard* da Franca ocupada, nos exércitos soviéticos que derrotaron á Wehrmacht ou na compañía Nueve da División Lecherc que liberou París. Eles foron, ao cabo, os pioneiros nesa longa guerra contra o fascismo que comezou en España no verán de 1936 e rematou en Berlín nove anos máis tarde (Casanova, 2011).

Os sitios virtuais de varias fundacións ofrecen recursos dixitais sobre o exilio republicano que podemos usar na aula ou recomendar ao alumnado que consulte directamente contidos concretos.

- O da Fundación Pablo Iglesias do PSOE fornece materiais sobre varias exposicións dedicadas ao exilio republicano e permite descargar os trípticos correspondentes: en <http://www.fpabloiglesias.es/exposiciones>. Ademais, esta fundación conserva as listaxes dos exiliados que embarcaron nos buques Ipanema, Mexique e Sinaia con rumbo á liberdade das republicas americanas que acolleron a aqueles refuxiados.

- O da Fundación Largo Caballero da UXT permite descargar fotos e textos da exposición dedicada ao exilio español da guerra civil e o folleto doutra dedicada ao exilio dos 451 nenos que viaxaron no Mexique dende Burdeos ata Veracruz. Véxanse, respectivamente, os sitios <http://portal.ugt.org/fflc/exposiciones/ninosguerra/ninos00.htm> e <http://portal.ugt.org/fflc/exposiciones/exponinos/exponinos.htm>.

- O da Fundación Dez de Marzo de Comisións Obreiras permite descargar os números completos da revista *Dez Eme* na sección de publicacións:

Véxase <http://www.f10m.org/publicacions>. Para o tema que nos ocupa resulta especialmente interesante o nº 9 da revista *Dez Eme*, dedicado ao 1º franquismo: <http://www2.galicia.ccoo.es/f10m/almacen/Hemeroteca/DezEme/N%C3%BAmero%209%20Decembro%202004.pdf>.

A práctica que propomos consiste en que o alumnado indague sobre os barcos que levaron aos españois da guerra civil que se refuxiaron en Francia ata as republicas americanas que os acolleron cando aquela foi ocupada pola Alemaniza nazi.

Podemos recomendar a consulta de sitios específicos para evitar o simple copy&past dos máis comúns da Rede:

- A nova referida ao estudo de Encarnación Lemús (U. de Huelva) sobre o Winnipeg en [http://www.eldiario.es/andalucia/salvaron-guerra-perdieron-siempre\\_0\\_313219313.html](http://www.eldiario.es/andalucia/salvaron-guerra-perdieron-siempre_0_313219313.html), pola variedade de asuntos concretos aos que fai referencia.

- A bitácora de Iñaki Anasagasti ofrece unha descripción moi emotiva do tratamento que recibiron os exiliados republicanos españois en Franza e da viaxe que realizaron os embarcados no Sinaia, partindo da documentación conservada na Fundación Pablo Iglesias: Véxase [http://ianasagasti.blogs.com/mi\\_blog/2013/12/la-odisea-del-sinaia.html](http://ianasagasti.blogs.com/mi_blog/2013/12/la-odisea-del-sinaia.html).

As listaxes dos refuxiados españois que embarcaron no Ipanema, o Mexique e o Sinaia que xuntamos permiten deseñar tarefas partindo da mostra dos galegos cuxo perfil recolleemos nos campos do seguinte cadro.

Táboa 1: Orixe provincial e filiación política dos galegos exiliados nos barcos de refuxiados a América													
Barco	Grupos de idade			Orixe provincial				Organizacións políticas e sindicais					
	Mo-zos	An.	Ad.	Cor.	Lu-go	Ou-r.	Pont.	I. Rep.	PSO E	PC E	P.G .	UXT	CNT
Ipanema	13	41	7	29	6	10	10	16	13	4	6	20	11
	61			55				39			31		
Mexique	2	15	3	5	3	7	5	3	3	5	0	6	3
	20			20				11			9		
Sinaia	4	13	5	7	4	7	4	3	9	3	3	8	
	22			22				18			8		

Fonte: Elaboración propia a partir das listaxes nominativas dos refuxiados que formaron parte da pasaxe dos ditos barcos (Archivo histórico da Fundación Pablo Iglesias). Nota: consideramos mozos aos menores de 26 anos, adultos novos (An) aos desa idade ata 46 anos e adultos (Ad) aos menores de 65 anos. A fonte recolle a idade e a provincia de orixe de todos os rexistrados, mais non a súa filiación política ou sindical.

En primeiro lugar, requírese ao alumnado que explique:

- A composición por sexo, idade e orixe provincial das persoas que integran esa mostra.
- Cal era a militancia sindical ou política desas persoas?
- Cales desas organizacións apoiaron a República e ao goberno no exilio?

En segundo lugar, o alumnado debe argumentar si a maioría dos refuxiados galegos que se exiliaron a América neses buques eran *cadros* das organizacións republicanas e cal era o seu perfil.

Táboa 2: Experiencias na Guerra Civil e en Franza dos galegos exiliados nos barcos de refuxiados a América										
Barco	Cargos desempeñados durante a Guerra Civil				Campos de refuxiados nos que estiveron					
	Soldado	Oficial	Político / Técnico	Total	Saint Cyprien	Argelés sur Mer	Barcarés	Agde	Gurs	Total
Ipanema	7	14	27	48	8	14	4	2	0	28
Mexique	7	5	8	20	3	2	3	2	1	13 *
Sinaia	2	7	10	19	5	2	3	2	3	16
Total	16	26	45	87	16	18	10	6	4	57

Fonte: Elaboración propia a partir das listaxes nominativas dos refuxiados que formaron parte da pasaxe dos ditos barcos (Archivo Histórico da Fundación Pablo Iglesias). \* Dous embarcados no Mexique estiveron nos campos de Bram e Septfonds.

A terceira tarefa que se require ao alumnado xa implica o uso das TIC para que procuren información sobre as condicións de vida neses campos de refuxiados en Franza e a viaxe nos barcos fletados polo SERE o a JARE para levalos a Chile e a México.

Deseguido, pídeselles que analicen unha mostra de persoas que eran oriundos da mesma comarca que o alumnado e que se exiliaron neses barcos e que fosen. Sirva de exemplo a mostra dos barbanzáns exiliados nalgún deses barcos.

Táboa 3: Exiliados do Barbanza a América nos barcos da solidaridade								
Nome e apelidos	Idade	Concello	Barco	Filiación		Profesión	Actividade na guerra	Campo de refuxiados
				Política	Sindical			
Hermo Pérez José	27	Pobra do Caramiñal	Sinaia	PCE		Obreiro	Oficial	Barcarés
Lado Blanco, Francisco	30	Noia	Ipanema	-	CNT			Barcarés
Paz Sieira, Antonio	22	Riveira	Ipanema	-	UXT	Mariñeiro	Sarxento	Saint Cyprien
Pérez Gómez, Antonio	46	Pobra do Caramiñal	Ipanema	PSOE	UXT	Alcalde		
Porteiro Viña, Manuel	37	Porto do Son	Ipanema	PSOE	UXT	Secretario xudicial		
San Martín, Jovita	39	Noia	Ipanema	Izda. Rep.				

Fonte: Elaboración propia a partir das listaxes nominativas dos refuxiados que formaron parte da pasaxe dos ditos barcos (Archivo Histórico da Fundación Pablo Iglesias).

Manuel Porteiro Viña é un prototipo de *cadro político* local das organizacións republicanas que se espallaran en Galicia dende os comezos da Segunda República (Grandío Seoane, 1999). Nacera en Carballo, traballou como secretario xudicial en Porto do Son e militaba no PSOE e na UXT. De feito, presidira a agrupación socialista da Pobra do Caramiñal e fora xuíz municipal nesa localidade. Traballou no Ministerio de Defensa durante a Guerra e estivo refuxiado en Chartres ata que embarcou no Ipanema<sup>1</sup>.

O alumnado reconstruirá as traxectorias políticas das persoas que figuren nestas mostras utilizando as bases de datos dos proxectos de investigación [Nomes e Voces](#) e [Xeración Perdida 1936](#) e no [Album do Galicia](#) do Consello da Cultura Galega (busca polas etiquetas [exilio galego](#) e [mulleres](#) mirando despois nas etiquetas inferiores).

O sitio virtual do proxecto de investigación *Nomes e Voces* permite buscar os nomes e apelidos deses exiliados para complementar os datos referidos a esas persoas refuxiadas:

<http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?nome=&apelidos=&sexo=0&natural=&vecinanz a=308&filiacion=&suceso=&profesion=&morte>.

Introducindo no buscador dese repertorios os nomes Ipanema, Sinaia, Winipeg e Mexique van aparecendo os galegos que marcharon ao exilio en cada un deses barcos de liberdade. Si buscamos por localidades aparecen todos os exiliados dun concello. Entón pedimos ao alumnado que analice o perfil socioprofesional desas persoas e a súa estadía no exilio en Francia. Por veces, os resultados poden ser tan limitados como no caso dos exiliados de Porto do Son.

Táboa 4: Exiliados de Porto do Son rexistrados na base de datos de exiliados galegos (Consello da Cultura Galega)			
Nome e apelidos	Campo de refuxiados e data	Barco no que marchou e data	Campo de concentración
Manuel Amado Chouza	Argelés sur Mer (VIII-1939)		
Manuel Árcolo Insua	Beziers (VIII-1939)		
Xerardo Díaz Fernández (18-XII-1907)	Preso en Santiago e A Coruña	1951 para Montevideo	
Daniel Fidalgo Antelo (21-III-1913)			Mauthausen (3-II-1942)
Melquiades Lestón Romero		Anarquista, Exiliado en Túnez	
Manuel Melón Pérez	Beziers (VIII-1939)		
Arturo Rodríguez Barral	Barcarés (VIII-1939)		

Fonte: Elaboración propia a partir da consulta en <http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/exilio.pdf>

<sup>1</sup> Citamos pola pax 229, rexistro de embarque do Ipanema, Archivo Histórico da Fundación Pablo Iglesias).

Finalmente, o alumnado pode contrastar os perfís socioprofesionais e políticos destas persoas refuxiadas co dos protagonistas das novelas e relatos biográficos situados no exilio republicano da guerra civil que usamos como material para deseñar tarefas monográficas.

O primeiro deles sería o mariñeiro anarquista Louro que fuxe por mar dende o Monte Pindo ata Bristol, retorna á loita antifascista en Cataluña, intérnano no campo de concentración de Argelés sur mer e incorporase á Resistencia (Fernández Naval, 2012: 69-71).

O segundo demostra un compromiso político semellante pois renuncia a embarcar para Veracruz e quédase a loitar contra o fascismo nas compañías de *Travailleurs Étrangers* (Aneiros: 2010: 240-241 e 421-423).

Pola contra, os Pita Armada embarcan hacia Chile no famoso barco *Winnipeg* fletado por Pablo Neruda. Eles lideraran o o sindicato anarquista de Cariño, fuxiran da traxica represión franquista, sobreviviron á durísima experiencia nos campos de concentración franceses e aproveitaron a oportunidade de comezar unha nova vida alén do mar integrándose na sociedade chilena (Puentes: 2013: 29, 119, 232 e 233). Representan ben aos exiliados galegos chegados a Arxentina, Chile, México ou Venezuela, animaron o asociacionismo étnico preexistente e contribuíron a manter a identidade cultural e política de Galicia durante a longuíssima ditadura franquista. Outros quedaron en Francia combatendo contra os fascistas e escribiron unha das páxinas máis heroicas do pasado colectivo das xentes que habitaron os territorios de España. Un bo xeito de achegar ao alumnado a esa xesta é a través da lectura de páxinas escollidas da novela de Almudena Grandes titulada *Inés y la alegría*.

BIBLIOGRAFÍA recomendada sobre as causas e características do exilio galego fuxindo da represión sistemática e das prácticas xenocidas aplicadas nas rexións controladas polos sublevados dende comezos da guerra civil.

#### Novelas.

ANEIROS, R., 2010, *Sol de inverno*, Vigo, Xerais.

FERNÁNDEZ NAVAL, F., 2012, *A noite branca*, Vigo, Xerais.

PUNTES, H., 2013, *Winnipeg*, Vigo, Xerais.

#### Ensaio historiográfico.

CASANOVA, J., 2011, *Europa contra Europa, 1914-1945*, Barcelona, Crítica.

GRANDES, A., 2010, *Inés y la alegría*, Tusquets, Barcelona.

- GRANDÍO SEOANE, E., 1999, *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República*, Vigo, eds. A Nosa Terra.
- GRAÑA. B., 2003, *Voces da memoria. Galegos exiliados, emigrantes e resistentes durante o réxime franquista*, Premio Xohana Torres do Concello de Santiago, Servizo de Publicacións da USC.
- LLORCA BAUS, C., 1992, *Los barcos de la emigración, 1880-1950*, Alicante.
- MARTÍNEZ MARTÍNEZ, A., 2019, "Las mujeres recuerdan. Género y memoria sobre el exilio republicano en Francia", *Arenal*, revista de Hª de las Mujeres, nº 26, vol. 2, disponible [en liña](#).
- MÍGUEZ MACHO, A., 2009, *Xenocidio e represión franquista en Galicia. A violencia da retagarda en Galicia na Guerra Civil (1936-1939)*, Santiago de Compostela, Lóstrego.
- PEREIRA, D., 2010, *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*, Vigo, Xerais.
- PRADA RODRÍGUEZ, X., 2010, *La España masacrada. La represión franquista de guerra y posguerra*, Alianza Editorial, Madrid.
- 2011, *Geografía de la represión en Galicia*, Catarata, Madrid.